

## ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 18 de novembro de 2025

**Hora de comezo:** 10:30 h

**Hora de remate:** 12:00 h

### ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Marta Conde Sieira (responsable de calidade dos PD en Ciencias Mariñas)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

1. Validación, se procede, da Memoria da EIDO do curso 2023/2024.
2. Validación, se procede, da nova versión do Manual de Calidade.
3. Valoración e informe das declaracións de interese de verificación de programas de doutoramento.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Validación, se procede, da Memoria da EIDO do curso 2023/2024.

O subdirector da EIDO presenta a proposta de Memoria da EIDO correspondente aos curso 2023/2024 que se achega como anexo. Os principais aspectos que se tratan no texto son:

- Unha revisión histórica da evolución do SGC
- Información das actualizacións normativas
- Estratexia da EIDO. Revisión dos Obxectivos de Calidade da EIDO
- Cambios da oferta formativa
- Resultados dos programas de calidade + HR + QSP
- Revisión de indicadores
- Conclusións e acordos

Tras a revisión da memoria e os indicadores incluídos nela, a Comisión de Calidade aproba por asentimento a Memoria da EIDO do cursos 2023/2024. Así mesmo, acorda por asentimento manter os Obxectivos de Calidade e as metas asociadas indicadas na Estratexia da EIDO 2022/2026 que tamén se inclúen no texto da memoria. Por último, débense acelerar as accións para dispor de información sobre os ODS e publicacións, o que orixina unha das accións de mellora tamén incluídas como anexo á memoria

### 2. Validación, se procede, da nova versión do Manual de Calidade

O subdirector da EIDO e o técnico superior de Calidade presentan unha a nova versión do Manual de Calidade da EIDO que representa, polo de agora, o derradeiro paso do Plan de Actualización e Mellora do SGC da EIDO. A actualización do Manual débese as seguintes causas:

- O informe de avaliación do deseño do SGC de ACSUG 2019: precisións sobre o alcance do SGC.
- A inclusión do Propósito do Manual e de referencias ao longo do documento aos ODS e aos estándares europeos de investigación (programa HR).
- A inclusión do ecosistema e grupos de interese da EIDO.
- A inclusión da Calidade e Sostibilidade na EIDO: programas de calidade e sostibilidade

- A simplificación da información institucional: ligazóns ás webs institucionais (ex.: contexto, estratexia, calidade)

Os principais cambios realizados, que teñen vocación de permanencia no tempo, son:

- A actualización das epígrafes:
  - Percorrido histórico
  - Presentación da EIDO
  - Referencias lexislativas e normativas
  - Elementos estratéxicos da Eido
  - Estrutura de calidade da Eido
  - Mapa de procesos (Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na estrutura de procesos)
- A adaptación ás Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (REACU, 2023)
- A substitución do anexo 1 (Política e obxectivos de calidade) por Mapa de procesos e eliminación (simplificación) dos anexos 2 (listaxe de procedementos en vigor, e 3 Listaxe de distribución da documentación de calidade).
- En xeral, a mellora da visualización dos contidos

Tras a revisión dos seus contidos, a Comisión de Calidade aproba por asentimento o novo Manual de Calidade da EIDO.

### **3. Valoración e informe das declaracións de interese de verificación de programas de doutoramento.**

O subdirector da EIDO informa da presentación dunha proposta de verificación de un novo Programa de doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial impulsado dende Instituto de Investigación en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial (IFCAE) do Campus de Ourense. Presentáronse varias alegacións a esta proposta que se achegaron como documentación aos membros da comisión que provocaron algúns cambios na declaración de interese inicial en resposta a ditas alegacións.

A continuación, abriuse un debate no que os membros da comisión expresaron os seus puntos de vista sobre a declaración poñéndose de manifesto, de forma maioritaria, tanto as reservas da comisión sobre a conveniencia da proposta como algúns inconvenientes da mesma. Como consecuencia deste debate, a Comisión de Calidade acordou emitir informe desfavorable á declaración de interese dun programa de doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial. Este informe se achega como anexo e inclúe unha xustificación detallada do sentido do informe.

---

**ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 18/11/2025**

1. Validación da Memoria da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo (EIDO) do curso 2023/2024

2. Validación da nova versión do Manual de Calidade da EIDO

3. Informe desfavorable sobre a declaración de interese de verificación de un novo programa de doutoramento en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace

O presidente